

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 298/2019

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións Patrimoniais

Interesado: _____

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE INICIO

Á vista de que este Concello é propietario do ben de dominio público inscrito no Inventario de Bens Municipais co nº 16 e coas seguintes características:

Denominación do ben:	Polígono 46, parcela 3-PJ PTE VAL.PARROQUIA RIOFRIO
Naturaleza:	Rústica
Naturaleza dominio	Dominio público/uso público
situación	Puente del Val
Superficie da parcela	21.842 m ²
Valoración dos terreos	109.210,00 euros

Visto informe técnico municipal emitido o 11 de abril de 2019 respecto da explotación privativa do citado ben de dominio público.

Considerando a conveniencia de realizar unha concesión administrativa do uso privativo do Quiosco sito na paria do Val de Mondariz, cunha superficie total construída aproximada de 85,00 m², polos seguintes motivos:

Conseguir mediante a actividade de Quiosco prestar ós usuarios da Praia do Val, durante todo o ano, un servizo necesario e propio das áreas recreativas que favorezca o ocio e o esparcemento da cidadanía.

A superficie construída aproximada de 85,00 m² do citado Quiosco sito nun ben de dominio público suxeita a concesión administrativa de uso privativo destinarase a:

Instalación do servizo de Quiosco na Praia Fluvial do Val de Mondariz.

Visto o informe de secretaría de 11 de abril de 2019 sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, para proceder á concesión administrativa de uso privativo proposta do quiosco da Praia fluvial do Val cunha superficie aproximada de 85,0 m² sobre o citado ben de dominio público mediante réxime de concorrencia conforme ao disposto na Lei 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio de las Administraciones Públicas.

Considerando que a parcela na que se instala o quiosco constitúe un ben de uso público conforme ó disposto no artigo 3 do Regulamento de Bens das Corporacións onde a utilización da espazo destinado a cafetería constitúe un uso privativo do dominio público conforme ó artigo 85 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas e artigo 75 Regulamento de bens das corporacións locais, de xeito que se limita ou exclúe a utilización do mesmo por outros interesados.

Resultando que o artigo 86 da LPAP dispón que o uso privativo dos bens de dominio público que determine a súa ocupación con obras ou instalacións fixas deberá estar amparado pola correspondente concesión administrativa cuxo outorgamento efectuarase en réxime de



Concello de Mondariz

concorrencia.

E por isto polo que esta Alcaldía, como órgano de contratación, segundo a DA 2ª da LCSP e visto informe de Intervención de 11 de abril, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Que se incoe o procedemento de licitación mediante concesión demanial do Quiosco instalado na Praia fluvial de O Val en Mondariz, mediante concesión demanial por un prazo de cinco anos, prorrogable por outros dous, segundo o artigo 93 e seguintes da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas, mediante procedemento aberto con varios criterios de adjudicación e tramitación ordinaria fixando como tipo de licitación o canon anual que resulte do procedemento de licitación e que partirá de 3.600,00 €/anuais.

PRAIA FLUVIAL DO VAL	SUPERFICIE	CANON ANUAL MINIMO
QUIOSCO	85,00 m2	3.600,00 €

SEGUNDO- Que se redacte o prego de cláusulas, prescricións técnicas e se incorporen ao expediente administrativo os informes xurídicos, e, se procede, se fiscalice o expediente pola intervención municipal.

TERCERO.- Completado o expediente remitirase á Alcaldía como órgano de contratación competente segundo a DA 2ª da LCSP para súa aprobación e para a apertura da fase de licitación.

Así o acorda, manda e asina o Alcalde, en Mondariz, na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente, do que eu, Secretaria, dou fe.

